

## OS ASPECTOS DA CONVERXENCIA FISCAL NO PROCESO DE INTEGRACIÓN EUROPEA<sup>1</sup>

ENRIQUE FUENTES QUINTANA

Presidente da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas

*Recibido:* 12 novembro 1996

*Aceptado:* 18 decembro 1996

Quixen traer á súa consideración o coñecemento dunha realidade que forma xa case parte do que poderíamos chama-la cultura económica e fiscal do público, aínda que realmente esta teña algunha complicación. Estoume referindo a coñece-lo que é a Unión Monetaria Europea, como a estación meta do movemento europeo de hoxe, tratando de precisa-las condicións para construír esta Unión Monetaria.

Europa tivo ata agora tres obxectivos diferentes. Un é o Mercado Común. O Mercado Común fundouse no Tratado de Roma e o que pretendía fundamentalmente era elimina-las fronteiras existentes entre tódolos países e construír un territorio aduaneiro común no que, despois dun período de tempo, existise liberdade plena de intercambio de bens, de servicios e de capitais. De tal maneira que a referencia ó Mercado Común fose unha referencia semellante ó mercado nacional con anterioridade. Esta situación supuxo unha revolución, posto que a existencia de fronteiras nacionais en cada un dos países que integraban a Comunidade era un obstáculo moi importante para o intercambio das mercadorías, dos servicios e dos capitais. Adam Smith formulou hai xa moitos anos a lei de crecemento dunha economía e nela afirmaba que o mercado é o que determina o desenvolvemento económico dun país e que o gran mercado é o que permite a división do traballo e o crecemento económico máis xeral. Non hai posibilidade de medrar nun país cun pequeno mercado que estea illado do conxunto doutros países que naturalmente terán outros mercados con distinta capacidade adquisitiva. Se logramos un gran mercado teremos unha demanda poderosa que tirará do conxunto das nosas producións e permitirá o desenvolvemento económico xeral. Este era o obxectivo dos pais do europeísmo que lograron culmina-lo que foi unha ideoloxía durante moitos anos vixente no Tratado de Roma.

O Tratado de Roma establece a supresión de toda clase de trabas ós intercambios de mercadorías para que o mercado fose verdadeiramente común en Europa. Trabas arancelarias e administrativas, trabas que, noutras ocasións, eran sanitarias ou doutro tipo, para protexer diversos sectores.

---

<sup>1</sup> Conferencia pronunciada na clausura do Curso Superior de Posgrao de Administración Financeira e Tributaria da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, o 9 de xuño de 1996.

O feito é que este Tratado se asina no 57 co afán de levar a cabo a Unión Europea. Pero vai transcorrendo o tempo e vaise enchendo de impedimentos. O entusiasmo inicial non se corresponde coa perseveranza e resucitan axiña os obstáculos que impedían o comercio, de tal maneira que se retrocede ata unha circunstancia que, xa no ano no que España asina o Tratado de Adhesión (1985), era realmente unha situación lamentable dende tódolos puntos de vista. Esa situación da Comunidade atopábase interferida, quizais, pola planta parasitaria do intervencionismo e do proteccionismo correspondente.

No ano 85, ano no que se asina solemnemente, o 12 de xuño no Palacio Real de Madrid, o Tratado de Adhesión á Comunidade, xa estaba en marcha outro proceso: a Acta do Mercado Único que Jacques Delors, daquela presidente da Comisión, tratara de negociar co obxecto de eliminar radicalmente todo aquel conxunto de intervencións que se foran superpoñendo ó Tratado inicial, dificultando o seu funcionamento. A Acta Única, en realidade, non supoñía ningunha novidade. De seu, representaba a vixencia efectiva do Mercado Único, pero unha vixencia efectiva cunha extensión que, dadas as interferencias daquela existentes, comportaban modificacións extraordinarias. En realidade, o que se quería era que, dende 1986, ano no que entra en vigor a Acta Única, ata 1992, desaparecesen todas esas intervencións e se puidese falar dun Mercado Único Europeo, mercado único no sentido de que era verdade, ou debía ser verdade, que desapareceran as trabas para a circulación nese mercado de toda clase de bens, servicios e capitais. As reformas foron moitas porque foron moitas tamén as interferencias anteriores, de tal maneira que á Acta Única Europea, que levou ó Mercado Único, lle faltaba tempo para a súa posta en práctica, debido ás modificacións que había que facer nun conxunto de regulamentos, actividades, etc.

Cando a Acta Única se asina, existía o pensamento de que Europa non completaría a súa unidade mentres non tivese unha soa moeda, mentres non houbera unha moeda que servise a tódolos europeos, e un Banco Central único que controlase a política monetaria. Isto concluiría o proceso de integración. Este proxecto de logra-lo que poderíamos chamar unha moeda única, unha unión monetaria, é un proceso que acariciara a Comunidade durante moito tempo sen conseguilo seu propósito. Pero esta vez o que se pretendía era realizar unha regulación previa que permitise pasar á moeda única nun prazo concreto e determinado. Comézase daquela a elaboración dun tratado que lle vai engadir ó Mercado Único, que xa existiría no 92, a posibilidade de chegar a unha unión monetaria, a unha moeda única e a un Banco Central tamén único.

Esta elaboración dá lugar ó Tratado de Maastricht que en 1992 está listo para que se asine polos países que están dentro da Comunidade e que desexen formar parte da Unión Monetaria. O Tratado da Unión contén fundamentalmente a política para a unión. Pero o proxecto máis importante dos que están regulados no Tratado é a Unión Monetaria e a súa formación.



De seguido, vou trata-las dificultades para a formación da Unión Monetaria. Este proxecto foi aprobado por tódolos xefes de estado dos distintos países, foi aprobado por tódolos parlamentos e debe entrar en vigor nos prazos previstos. Así, en 1997, ó remiti-los distintos países os criterios que son fundamentais para a pertenza á Unión Monetaria, a Comisión e o Instituto Monetario Europeo farán un exame para ver se estes criterios se cumpren polos países que o solicitaron e, no caso de que así sexa, a cualificación a coñecerán, cos datos de 1997, na primavera de 1998. Os seleccionados e invitados en 1998, por cumpriren as condicións que fixa o Tratado de Maastricht, entrarán na Unión Monetaria no ano 1999. Haberá un período transitorio do 99 ó 2002 e, a partir do 2002, substituiranse tódalas moedas nacionais polo euro, que será a moeda europea. Haberá un banco central, o Banco Central Europeo, que se constituirá a partir de 1998. E, desta maneira, realizarase o proxecto soñado da Unión Monetaria Europea.

Ben, cando en Maastricht se asina, fíxanse unhas condicións para que os países poidan pertencer á Unión Monetaria. Non é unha entrada gratuíta, senón esixente. Dito noutros termos: hai un conxunto de criterios que, naturalmente, deben cumpri-los países que entren na Comunidade. Jacques Delors nomeou no seu día unha comisión reducida para tratar de determina-las condicións que deberían cumprirse para crea-la Unión Monetaria e fixou a idea de que a zona da Unión Monetaria tiña que ser unha zona de estabilidade, na que se asegurase a estabilidade dos prezos, na que non existise inflación. Eses criterios eran cinco:

- Primeiro: a inflación do país que desexe entrar na Unión non debe superar en dous puntos a media obtida cos países con menor inflación. É dicir, trátase dun criterio formulado sempre de forma relativa, sumando a taxa de inflación dos tres países con menor inflación dentro da Comunidade e engadíndolles un total de punto e medio. Este é o tope ó que pode chegar un país para entrar na Unión Monetaria. Este tope estivo durante bastantes anos no 3% e, por iso, seguimos dicindo os economistas que é do 3%. En realidade, o criterio non é este. O criterio é o seguinte: o nivel de inflación dos tres países que a teñen menor, máis un punto e medio. Hoxe, este criterio está situado no 2,7. Isto é, xa melloraron tanto os tres países mellores que a referencia do 3% de inflación, como máximo, é unha referencia obsoleta e anticuada. A referencia é, propiamente, o 2,7% hoxe e, probablemente, sexa a mesma en decembro de 1997.
- Segundo: o déficit público non poderá supera-lo 3% do PIB; isto é, o total das necesidades de financiamento do sector público, que lle obrigan a emitir débeda ou a contraer créditos de calquera natureza dentro do país para cubri-los seus gastos, non poderá ser superior ó 3%. Este é un criterio firme, non depende doutro país.
- Terceiro: o total da débeda non poderá sobrepassa-lo 60% do PIB. Este criterio, xunto co do déficit, son os dous criterios que eu chamei aquí aspectos de

converxencia fiscal e que son verdadeiramente os máis difíciles de cumprir, segundo a experiencia recente porque, como veremos agora, tódolos países da Comunidade incumpren os dous criterios, cando estamos practicamente a 16-18 meses do exame final. De modo que sería unha sorpresa, pero hoxe sería un feito, que houbera un suspenso xeral e que practicamente só un país, que é Luxemburgo, sería o que cumprise cos criterios de converxencia.

- Cuarto: ademais destes criterios que acabo de sinalar, está o dos tipos de xuros: o tipo de xuro non pode superar en dous puntos ó que rexa como tipo medio nos tres países que teñan os tipos de xuro máis baixos. Esta é unha variable que depende fundamentalmente da taxa de inflación e do déficit público.
- Quinto: finalmente, o criterio da estabilidade do tipo de cambio: non debe haber desvalorizacións no tipo de cambio que esixan modifica-la paridade nos dous últimos anos antes de ingresar dentro da Unión Monetaria Europea.

Eses son os cinco criterios que se fixaron no Tratado de Maastricht e que nós asinamos, polo que están recollidos no Tratado de referencia. Pero, ademais, asinamos unha cláusula de abstención de axuda, é dicir, cada país é responsable da súa débeda pública. Ningún país da Comunidade acudirá en axuda doutros países membros cando existiren crises fiscais. Por outra parte, ningún país pode recibir un financiamento directo do seu Banco Central. É dicir, o Banco de España non pode financia-lo total da débeda existente por parte da facenda española, nin pode tampouco impoñer obrigas que deban subscribi-lo conxunto de entidades. Polo tanto, non hai posibilidade de axudar ó país para cubri-lo total da súa débeda por procedementos que dalgunha maneira sexan compulsivos, ben porque os subscriba o Banco Central ou ben porque obrigue o Banco Central a outras entidades monetarias a que a financien. Ademais, tampouco o Banco Central Europeo pode financia-lo conxunto dos déficit dos distintos países.

Os criterios fundamentais dende o punto de vista fiscal son o 3% do déficit público do total das administracións (aí está integrada non só a Administración Central, senón as comunidades autónomas e os municipios) e o 60% do total da débeda pública. Pero estes límites de referencia para pasa-lo exame non son automáticos, é dicir, se un país ten máis do 3% como total de déficit público cando se presente ó exame en decembro de 1987, ¿vano rexeitar rotundamente? Se ten máis do 60% de débeda pública, ¿vano rexeitar automaticamente? A resposta é que os límites non son automáticos. Se o déficit sobrepasa o 3%, pero esa proporción descendera substancialmente e continuamente, chegando a un nivel que se aproxime ó nivel de referencia, ou se o valor de referencia se sobrepasa dunha maneira excepcional ou temporal, ese país pode ser admitido. Fíxense vostedes nos límites de equidade que ten o xuíz. O tribunal ten a posibilidade de dicir: "ben, se vostede ten un 4% e descendeu do 6 ó 4 e se aproxima ó límite correspondente, váiselle



admitir. Se, por outra parte, no ano 97, por calquera continxencia, ten vostede un déficit maior, pero ese déficit é temporal e excepcional, váiselle admitir. Se supera o 60%, tampouco está vostede condenado. Se a porcentaxe do 60% da débeda diminúe suficientemente e se aproxima a un ritmo satisfactorio ó valor de referencia, tamén se pode tratar de aceptala súa entrada na Unión".

É dicir, hai un xuízo que eu chamaría, en certa maneira, discrecional para interpreta-lo cumprimento dos criterios. Polo tanto, hai uns límites de incerteza moi considerables sobre o que vai face-la Comisión. Vai haber dos xuíces que se pronunciarán en dúas sentencias: unha, o informe que faga a Comisión Europea e, outra, o informe que faga o Instituto Monetario Europeo, que é o antecedente do Banco Central. Os dous van partir dos datos dos diferentes países e van decidi-lo ingreso ou a exclusión. Un xuízo de enorme responsabilidade, porque significa que os excluídos non poden entrar na Unión Monetaria, co conxunto de vantaxes que iso suporá e, sobre todo, de inconvenientes e custos que terá o país que se quede fóra.

Non obstante, se eses dous criterios non se cumpren ou ben non se cumpren deles, a Comisión elaborará, con todo, un informe no que tamén se terá en conta a regra de ouro e a situación do orzamento a medio prazo. A regra de ouro significa que, se o país tivese un aforro público igual ou superior ó investimento público que realiza, isto sería un mérito, un punto positivo; é dicir, que se a Administración Pública española logrou aforrar unha cantidade que equivalla ós investimentos que efectuou, este será un punto positivo. Se non o fai, evidentemente será un punto negativo. E, por outra parte, a situación do orzamento a medio prazo tamén será xulgada. De tal forma que o xuízo é moi amplo, pero os dous criterios fundamentais son os expostos. Doutra banda, establécese tamén, como criterio fiscal fundamental, que os procedementos orzamentarios dos países aspirantes deban ser tales que garantan que o país poida cumprir cos criterios de converxencia. Esta é unha idea que está implícita no Tratado de Maastricht, pero que non é moi comentada.

Entre todos estes criterios destaco, pola súa importancia, o criterio cuantitativo do 3% do déficit público e o 60% da débeda pública como límite. Pois ben, ¿cales son os problemas básicos da converxencia fiscal? En primeiro lugar, é necesario coñecer ónde estamos respecto da situación de converxencia, para sabermos se podemos, en decembro do 97, cumprilos criterios. Segundo problema: e, ¿se non é así? Temos 17 meses para chegar de présa e correndo a cumprir coas condicións. Pero, ¿abondan eses meses para merecer estar entre os admitidos? ¿E non ocorrerá que se tratamos de correr tanto tropecemos no camiño e sexa peor o remedio cá enfermidade? E, logo, se habemos de realizar unha política de consolidación orzamentaria, é dicir, se temos que reduci-lo déficit, ¿como facelo? ¿Cal será o mellor camiño para consolida-las cifras do orzamento e chegar á contía do 3% e reduci-la contía da débeda? Son tres problemas importantes e diferentes.

Imos repasar moi brevemente o total do que é a situación española a este respecto, cómo nos movemos no total da capacidade ou na necesidade de financiamento. Os 15 países que hoxe integran a Unión Europea tiñan en 1990 un déficit público do 3,5% do PIB. Non cumprían xa daquela o 3%. No ano 91 pasaron ó 4,3; ó 5,1 no ano 92; ó 6,3 no ano 93 e, afortunadamente, nos anos 94 e 95 reducíronse esas porcentaxes ó 5,5 e ó 4,7. Con todo, no ano 95 a media dos países da Unión non cumpría co criterio de Maastricht respecto do déficit público. ¿Que pasaba coa débeda pública? Pois que no ano 91 se cumpría con ese criterio cunha porcentaxe dun 56%. Pero xa no ano 92 estabamos no 60%, pasábase ó 66 no ano 93, ó 68 no ano 94 e ó 71 no ano 95. É dicir, que había un incumprimento radical do criterio.

Os países que cumpren tanto o criterio do déficit público como o da débeda son pouquísimos. Se nos atemos ó déficit público para o ano 95, comprobamos que o cumpren Dinamarca, Alemaña (nese ano, pero xa non no ano 96, porque as cousas empeoraron), Irlanda (que tiña un comportamento excelente de déficit público: un 2,7%) e Luxemburgo (imbatible, cun 0,4%). Estaba no fío da navalla Holanda (3,1%) e os demais países pasaban claramente do 3%. De tal maneira que se trata dunha minoría clarísima dos países. Os datos do ano 96 aínda serían máis tráxicos, porque só Irlanda, Dinamarca e Luxemburgo cumprían cos criterios de converxencia en déficit público. E cos criterios de débeda, a relación era dramática: Alemaña cumpría no ano 95, pero non o cumpre no ano 96; Francia cumpría cun 51%; cumpría tamén Luxemburgo, outra vez imbatible co 6,3%, e o resto dos países, coa excepción do Reino Unido, non cumprían o criterio do 60%.

Esta situación é de suspenso xeral. E, ¿como estes países van estar en cifras que lles permitan á Comisión e ó Instituto Monetario Europeo invitarlles a participar na Unión Monetaria? Vense claramente as dificultades de conseguilo. O agravamento do problema do déficit público nos últimos anos foi bastante claro.

Ás veces considérase, e non sen razón, que estes criterios de converxencia teñen algo de misterio. ¿Non son demasiado esixentes? Sen embargo, estes criterios teñen unha lóxica interna importante porque un déficit público persistente e elevado é unha causa fundamental de inflación e, naturalmente, dificultará moitísimo o establecemento dunha unión monetaria que esixe estabilidade por ela mesma. Polo tanto, a cuestión fundamental radica en que unha política orzamentaria desequilibrada é unha política orzamentaria que atenta contra a estabilidade e dificulta a Unión Monetaria. Por outra parte, se estes datos non se corríxen, é difícil que poida ser positivo o futuro desa Unión Monetaria. Isto é o que levou a que os distintos países optaran pola conformidade con estes criterios. Pero, claro está, o déficit público non afecta só á estabilidade e á débeda. Ás veces tamén afecta ó tipo de cambio e ós tipos de xuro. Se hai un déficit público elevado e unha débeda elevada, haberá tipos de xuros tamén elevados e un tipo de xuro elevado é un claro elemento de inflación de custos e elevación de prezos no país, porque os tipos de xuros forman parte do conxunto dos custos. De modo que hai razóns poderosas para a esixencia destas condicións de converxencia fiscal.



Pero o proceso cara á Unión Monetaria, dados os datos que vimos, complícase enormemente como consecuencia de tres feitos. Primeiro: o afastamento das condicións de converxencia para participar. Segundo: a proximidade das datas acordadas. Terceiro: as economías europeas comezaron a debilitarse. O seu crecemento económico na segunda metade do ano 95 foi máis débil, e o crecemento actual, nos anos 95 e 96, continuou esa desaceleración que hoxe impera en tódolos países comunitarios, que están crecendo a taxas non superiores ó 1,5%. De modo que, se se lle engade unha restricción orzamentaria á situación económica na que hoxe están os distintos países, ¿non se pode provocar unha recesión por chegar a tempo a Maastricht? Se a recesión se debe ou pode deberse a unha diminución radical do gasto e da demanda e, polo tanto, o peso do sector público fai menos dinámica a economía, é evidente que se lle pode ocasionar un risco a esa economía nacional, tanto maior canto maior sexa a restricción orzamentaria que se deba realizar para chegar a Maastricht. Se tódolos países, como vimos, están nesta situación de dificultade, esa restricción vai ser universal, vana aplicar todos. E, daquela, ¿non lograremos con esta aplicación universal facer cae-lo total da produción en tódolos países e ocasionar unha recesión xeneralizada? Esta é a pregunta. A outra pregunta que se fixeron os distintos países é ¿que vai ser dos que non cumpran o Tratado de Maastricht nas condicións fiscais? Pois van ser denominados países *out*, países que están á marxe do conxunto da Unión Monetaria. Chámanse tamén "países con derrogación" fronte ós países *in*, que son os que foron invitados a formar parte da Unión Monetaria. ¿Que mundo será este dos países *out*? É bo sabelo porque se cadra nós temos que vivir nel, e terán un conxunto de condicións e circunstancias que será preciso coñecer.

Imos contestar tres preguntas: ¿É pouco o tempo de que dispoñemos para chegar a unhas condicións que sexan suficientes co obxecto de conseguilo propósito de cumprir cos criterios de Maastricht? ¿Non se provocará unha recesión xeneralizada? A dose restrictiva de medidas orzamentarias no curto prazo, ¿é posible? A resposta negativa leva ó aprazamento. Pero as datas están fixadas mesmo en contra dos países máis poderosos da Comunidade. En todo caso, esta cuestión formula un problema: ¿que medidas sería capaz de aplicar un país se dispuxera de máis tempo? Porque, claro, se aplica as mesmas ideas expansivas que ata ese momento aplicaba, vai empeora-la posición na que está colocado. Se a adición ou a aplicación dos gastos públicos que ten, o levou ó déficit de hoxe e ós tipos de xuros e de inflación actuais, está aplicando unha mala política. Estivo renunciando a unha política disciplinada que o debería ter levado a corrixi-las súas circunstancias, de modo que, se pide tempo, ha de pedilo para aplicar unha política compensatoria distinta da de a simple continuidade das políticas expansivas que se aplicaron no pasado. E aquí é onde vén o gran cambio. As políticas de consolidación deben levar a unha diminución do gasto (gradualmente, se se quere, pero diminución), a unha selección do conxunto de gastos sobre os cales se debe actuar, porque non é o

mesmo actuar sobre uns gastos que sobre outros. Está probado que teñen efectos máis negativos as restriccións operadas sobre os investimentos públicos cás aplicadas sobre os bens de consumo. Desta maneira, o país prepararíase mellor e dispoñería do seu tempo da forma oportuna para chegar, no prazo que se pide, a unhas condicións mellores. Se segue realizando os mesmos gastos públicos incorrendo no mesmo déficit que tiña no pasado, repetirá o seu comportamento. De modo que é un contrasentido pedir máis tempo para convivir coa situación anterior, para seguir aplicando a mesma política anterior. Equivalería a eses alumnos que lle piden ó profesor máis tempo para un exame parcial, co obxecto de estudar máis, e esa tarde van ó cine (situación bastante corrente), aplicando as mesmas medidas que aplicaran ata ese momento, sen ser máis dilixentes no conxunto das súas decisións. De modo que esta obxección de tempo é unha decisión que se podería entender sempre e cando significara un cambio radical no conxunto das políticas aplicadas no pasado.

Pero, con todo, un maior prazo non o imos ter. Crer que se vai dispoñer de máis tempo é realmente algo equivocado, porque os países centrais dixeron que o prazo é ata decembro do ano 97 e non máis. O cal, naturalmente, quere dicir que as políticas de consolidación orzamentaria teñen que se-las mellores, as que contribúan máis a facer que o déficit se reduza. O aprazamento é unha posibilidade na que non debe confiarse, porque queda un tempo ata decembro e porque un fracaso temporal poñería en cuestión a probabilidade de avanzar noutros ámbitos da Unión Europea. Dependerá do que decidan os países centrais. E isto é o que din os países centrais: ¿que pensaría de nós o mundo se damos un prazo adicional, cando tivemos tanto tempo para pensar nisto? A Unión Europea avergoñaría-se. E, polo tanto, non cabe supoñer que se vaia dispoñer dese tempo. Sería moi imprudente crelo.

O segundo punto é que o exame o van pasar pouquísimos. De modo que a Unión Monetaria, que se cría que ía ser unha Unión Monetaria para tódolos países da Unión Económica, vai ser para moi poucos, e dividíndose nos países *in* e nos países *out*. Isto presenta uns problemas tremendos para os países *out*. Agora estarán repasando a situación da regulamentación na que poden quedar quen corra o risco de caer nesas circunstancias. Por exemplo, España tería que estar repasando hoxe, ¿que nos pasará se nos quedamos fóra? Hai moita xente que cre (por exemplo, unha persoa tan importante como Miguel Boyer e outros que forman parte do empresariado) que nos quedamos fóra. E, daquela, teremos liberdade para corrixi-lo tipo de cambio da peseta ó nivel que se desexe. De tal maneira que nos quedaremos fóra como guerrilleiros: cando teñamos inflación dentro, para colocalas mercadorías na Comunidade, corrixirémo-lo tipo de cambio, desprezándoo, e así entraremos na Comunidade batendo a tódolos que estean dentro dela, ós países *in*. Os países *in* terán unha estabilidade perfecta, porque entrar na Unión Monetaria supón que se definiu de xeito irrevogable e para sempre o tipo de cambio das moedas que entran dentro do sistema respecto do euro, e non se poderán desvalori-



zar. É dicir, que se estes países teñen dificultade de coloca-las súas mercadorías fóra, ¿que terán que facer? Diminuí-los seus custos de produción para que as mercadorías sexan máis competitivas. Pero non poderán desvaloriza-lo tipo de cambio para tratar de entrar nos mercados exteriores sobre a base da desvalorización. A desvalorización desaparece radicalmente dentro da Unión Monetaria. En cambio, se España queda fóra mantén estouta alternativa que non teñen os demais.

Naturalmente, os primeiros que pensaron nesta circunstancia son os países que poden ser *in*, é dicir, aqueles países máis poderosos que se entregaron totalmente a un tipo de cambio irreversible que, naturalmente, é o que rexe respecto do euro, e que serían crucificados polos países que están fóra se desvalorizáramos constantemente para invadi-lo seu mercado. Primeiro punto fundamental: tódolos países teñen a obriga de entrar canto antes na Unión Monetaria Europea. O tratado que asinaron obrígaos a entrar canto antes na Unión Monetaria. Pero é que, en segundo lugar, os países *out* van ser zarandeados polos mercados internacionais. Porque, ¿onde especular? A esta pregunta van responde-los especuladores dirixíndose a aqueles países que, polas súas debilidades, non van poder soste-lo seu tipo de cambio ou a cotización dos activos en pesetas. Polo tanto, estes países van ser pasto do conxunto dos grandes especuladores e van ter que pedir auxilio á propia Comunidade para tratar de mante-los tipos de cambio.

Se o país *out* ten, ademais, un déficit público que lle impide formar parte da Comunidade e o afasta da propia Unión Monetaria, van especular máis nel e, probablemente, o conxunto de países *in* obrigarano a ter un tipo de cambio entre certos límites e a adoptar medidas fiscais que reduzan o total dos seus déficit públicos e da súa débeda e que o preparen para entrar dentro da Unión Monetaria. Esta é a situación previsible para os países *out* que tememos tódolos que cremos que, simplemente polos riscos de quedarse fóra, é tan intenso o custo que tería que pagar España. E se nos quedamos fóra teríamos que trazar uns plans aínda moito máis rigorosos para chegar á Unión Monetaria: esixiríannos eses criterios con todo rigor en canto non entráramos dentro da Unión, porque teríamos que entrar nun futuro próximo.

De modo que o orzamento de 1997 é a nosa última oportunidade. ¿Lograremos no orzamento de 1997 chegar a unha cifra que permita ese 3% e ese 60%, cando menos relativamente? É difícil. ¿En canto está hoxe o déficit público? Esta é unha pregunta que me gustaría facer. Fágolla tódolos días ó ministro de Facenda, pero, naturalmente, non ma contesta. O déficit público calcúlase con atraso e é sempre como o bufo de Minerva, que levantaba o seu voo ó serán. Nas estatísticas de España ese serán é o día anterior, o mes anterior ou o ano anterior. É dicir, que o atraso con que coñecemos-las cifras é moi grande. Pero, díganos, por non discutir, que o total do déficit en España está hoxe en torno ó 5% do PIB. Quedánnos meses do ano 1996 para reduci-lo. O Goberno impúxose chegar a decembro de 1996 co

4,6% e obrigouse, á súa vez, a chegar a decembro de 1997 co 3%. Iso supón corri-xir, en números redondos, punto e medio cada ano: punto e medio no ano 1996 e punto e medio no ano 1997.

Naturalmente, para corrixi-lo déficit en punto e medio no ano 97, o orzamento que necesitamos é un orzamento enormemente restrictivo, un orzamento difícil de realizar, pero que é posible. Estou seguro de que o Goberno o vai intentar. É realmente un acto de valor enorme tratar de conseguilo, porque hai poucas partidas das que tirar. O presidente do Goberno comprometeuse a non toca-las pensións. Isto significa que esa é unha partida na que habería que axustar e non se vai poder axustar porque hai un compromiso político firme. Haberá que ver qué outras partidas se poden recortar. Seguro que unha candidata (e anúncioo publicamente) é a partida de investimentos en obras públicas. O Ministerio de Obras Públicas, hoxe de Fomento, será o que sufra unha importante minoración. É lamentable que isto sexa así. Dentro das políticas de consolidación este é o gasto que debería ser librado por máis motivos, dada a influencia que ten sobre o crecemento económico privado. Seguro que o soldo dos funcionarios públicos vai ser unha partida de axuste, unha partida que, para ser significativa, significaría conxela-lo soldo dos funcionarios: aumento cero do soldo dos funcionarios en 1997. Seguro que os gastos do In-salud teñen que ser tratados por unha política que chegue a introducir unha tendencia moderadora no uso de medicamentos e a aforrar cantidades apreciables dentro do total deste orzamento. Seguro que as subvencións ás empresas privadas e públicas forman parte dese orzamento restrictivo.

Esta tesoirada no conxunto das partidas de gasto público estase dando no momento presente. E cun sentido de heroísmo superior ó que un pretendía crer no Goberno. Creo cada vez máis que este corte se vai dar e que imos ter un orzamento que se sitúe nas proximidades do 3%, en canto ó crecemento do PIB, co disgusto enorme dun conxunto de grupos que están afectados como consecuencia desa restricción. O feito é que, se chegamos, chegaremos con enormes apuros. Se no déficit chegamos cun 3,5 ou 3,4%, haberá que defender que é temporal e asegurar que baixará ó ano seguinte. Haberá que presionar todo o que se poida. No caso da débeda pública a discusión será maior. A falta de converxencia vai ser moi superior porque a débeda estará en torno ó 65%. Pero, ¿quen vai poder tira-la primeira pedra? Porque hai que ter en conta cómo van esta-las débedas doutros países. ¿Quen vai ser? ¿Os holandeses que tanto lles gustan ós países centrais? Non caben. ¿Os belgas que son tan adorados polo conxunto dos países de fala alemana porque realmente poden facer algo importante? Teñen máis do 100%. ¿Os italianos que son tan intelixentes? Eles non caben en ningún concepto, cunha débeda superior ó 100%. De modo que moito coidado coas recomendacións. Dentro dos que incumpren estamos entre os menos malos e, polo tanto, podíamos pedir recomendacións.

Creo que España podería estar preto se ten un orzamento duro no ano 1997, un orzamento que o país debe te-la coraxe política de aceptar. O realmente difícil é o



sacrificio que lle vai demandar ó conxunto dos cidadáns españois, tanto máis canto que hai gastos que non se axustaron. Non se axustou o exército. O exército non tivo ata agora unha restricción. Houbera sido necesaria unha restricción nuns 200.000 millóns, pero non a tivo. Espero que a teña no orzamento do 97. Hai outros gastos que habería que axustar tamén. Habería que axusta-lo sistema de pensións. Os pensionistas deberían facer un pequeno sacrificio porque un sacrificio xeral é máis sufrible, máis aceptable. Por outra parte, debe haber tamén unha política antifraude fiscal, que reduza radicalmente o número dos que incumpren a lei co conxunto da imposición. Porque se a inspección dese a calidade de si mesma e lograrse reduci-lo déficit que provén da fraude, lograríamos ter un axuste popular. Caian vostedes na conta de que hoxe a fraude en España, segundo os cálculos que fixemos para a súa estimación, está situada nun 5 ou 6% do PIB. É dicir, que se todo o mundo cumprise cos seus deberes fiscais non existiría déficit público en España.

Quería chegar a algunhas conclusións do que analizamos. Primeiro, o desenvolvemento económico de España e a converxencia real coa Unión Europea esixen unha redución do déficit público e do nivel de endebedamento. É dicir, non só debemos reduci-lo déficit e a débeda para estar na Unión Monetaria, senón que ademais non poderemos medrar se non o logramos, porque para medrar necesitamos unha política cun déficit público menor que permita reduci-los tipos de xuros e aumenta-lo investimento privado, que nos permita medrar e desenvolvernos. Polo tanto, non é só a conveniencia de Maastricht a que nos obriga a reduci-lo déficit e a débeda, é a nosa propia conveniencia de desenvolvemento a que nos obriga a facer que o déficit e a débeda diminúan. Non arguamos con Maastricht como unha pantasma que está detrás para nos obrigar a face-lo que deberíamos facer. Se Maastricht non existise, habería que inventalo porque é a forma de logra-la nosa propia conveniencia de reduci-la contía do déficit e da débeda que son condicións inexcusables para que este país poida desenvolverse e crear emprego.

Por outra parte, deben practicarse, ademais desta política de redución do déficit e da débeda, políticas de reforma estrutural que liberalicen os mercados, fundamentalmente os mercados de servizos, unha tarefa que xa empezou o Goberno. É aquí, neste camiño, no que se atopa o desenvolvemento económico de España e, obviamente, tamén a participación na Unión Monetaria. O que é bo para Maastricht é bo para o desenvolvemento económico de España, en toda a extensión do conxunto das súas distintas manifestacións. A participación de España nos plans de integración europea constitúe unha condición para conseguirlas oportunidades de desenvolvemento que esa integración concede, pero que só garante o cumprimento das condicións de converxencia: instauración dun modelo de economía aberta que significa, en definitiva, eliminación do déficit, redución da débeda, liberdade e competencia nos mercados de servizos, no mercado de traballo. Voltamos ó mesmo: a converxencia cos países comunitarios, a converxencia nos cri-

terios fiscais, ese camiño viable para conseguilo desenvolvemento económico interno de España e non só a Unión Monetaria, constitúe un compoñente básico da política de integración e permite aproveitar as oportunidades de crecemento ofrecidas pola Unión Monetaria.

¿Están vostedes preparados para o gran *shock*? O gran *shock* vaino sufrir-lo país o 30 de setembro de 1996. Un gran *shock* que se anunciará xustamente nesa data, pero que experimentaremos custosamente ó longo do exercicio de 1997. Pero, de que asimilemos este *shock* con disciplina, con entendemento e con vontade, vai depender-lo futuro económico do país no campo do crecemento. Se, como algúns queren, o próximo ano imos ter un orzamento que non acuda a esa poda do gasto que hoxe necesita para equilibrarse, se imos continuar coa mesma situación ca en anos anteriores, é seguro que España non logrará o desenvolvemento económico na parte final deste século, nin tampouco a pertenza á Unión Monetaria Europea. Creo que explicar todo isto é a única maneira de aceptar-la dura medicina que está detrás dese orzamento restrictivo que nos debe agardar en 1997. Que o Goberno tivera a coraxe de considera-lo que creo que conseguirá aprobar, é algo que debe celebrarse polos cidadáns con sentido de futuro do país. Porque este futuro valerá moi pouco se en 1997 non se aplica a restricción orzamentaria que o país indispensablemente necesita. Para vulgararen esta situación con coñecemento de causa, expuxen o que creo que é fundamental nun cidadán instruído. Vostedes son os que deben vulgarar despois en consecuencia. Moitas grazas.